

O antigo palco da música



NESTA fotografía, feita por Ferrer e procedente da colección de don Xosé R. Núñez, vemos un montón de xente: outras moidas, outros costumes.. Mas o que verdadeiramente chama a atención é ese palco da música. O 4 de xaneiro do 1899 no Concello, o empezar o novo ano, púxose como unha das metas o levar a cabo "la construcción del palco para la música, obra de reconocida necesidad, no sólo por la actual Corporación de Betanzos, sino también por las anteriores".

Comprobemos documentalmente a súa existencia en decembro do 1903 cando o vemos en pleno funcionamento, provido, ademais, da recentísima luz eléctrica. Sen embargo, ó traveso doutra fotografía, podemos decir que xa estaba no 1900.

A necesidade dun palco da música, viña xustificada, entre outras cousas, porque nos últimos

anos do século XIX, funcionaba unha chamada "Academia Municipal de Música" que seguiu existindo no empezo do novo século, sendo a principal protagonista das múltiples actuacións que no novo palco se fixeron. Mas o acontecemento que este, até agora desconecido, documento gráfico nos mostre, é especial: trátase do mitín que don Nicolás Salmerón, noutro tempo (1873) presidente da primeira República, pronunciou en Betanzos o 6 de outubro de 1907.

Don Francisco Vales Villamariño, que nos revelou este dato, xa escribirá desto ó falar do periódico semanal betanceiro "La Defensa" (1906-1910) nas súas "Papeletas para una proyectada Enciclopedia Brigantina, II" ("La Coruña, paraiso del turismo", 1978). Neste traballo lemos: "...debemos resaltar... la amplitud de información que aparece en el número 62 (7 de outubro de 1907) referente al grandioso mitin soli-

dario celebrado el dia anterior en la plaza de Arines de Betanzos (hoy dedicada a los hermanos García Naveira) organizado por las asociaciones de labradores y en el que tomaron parte Juan Golpe, Lugris Freire (que se expresó en gallego), Odón de Buen, Senante, Vázquez de Mella y Salmerón... Calculaba "La Defensa" en 9.000 las personas que asistieron al acto. En la presidencia (situada en el palco de la música, que lucía una gran colgadura con los colores nacionales) figuraban, además de los señores citados, el hijo de Salmerón, Carré Aldao, Medina, el popular médico Rodríguez, Santiago Casares, los hermanos Victor, Antonio y Jesús Naveira, Julio Romay (administrador del semanario), José Marchesi y Díaz de Aguiar". Este palco, arredor do 1928, foi sustituido por outro de estilo postmoderno, debido ó arquitecto González Villar.

Alfredo ERIAS